

# GRANITEC EUROPA S.L.



**“Subministramos pedra natural a empresas construtoras, tratando globalmente todo o mercado da pedra ornamental e completando o proceso cun seguimento postventa”**  
*Agustín García Montón-Pulido*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Subministro de pedra natural a empresas construtoras
<b>Sector de actividade</b>	Actividades de construción e reforma
<b>Nº empregados</b>	2
<b>Inversión inicial</b>	3.606 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado integramente con fondos propios.
<b>Web:</b>	<a href="http://www.granitec.es">www.granitec.es</a>
<b>Municipio:</b>	Santiago de Compostela, A Coruña
<b>Ano creación:</b>	1999

## Descrición do proxecto

Trátase dunha empresa que subministra pedra natural a empresas construtoras, tratando globalmente todo o mercado da pedra ornamental e completando o proceso cun seguimento postventa.



## Datos empresa

### Claves do éxito



- A profesionalidade. A calidade tanto no produto como no servizo ao cliente.
- Innovación no servizo postventa
- Óptima relación calidade - prezo

### Situación actual

Neste momento atopámonos nun proceso de consolidación do mercado xa existente e nunha constante expansión a outros mercados. Pretendemos chegar a novos clientes e ampliar a gama de produtos e servizos que ofrecemos.

### Perfil cliente

O perfil do meu cliente obxectivo correspóndese con empresas construtoras de tamaño mediano e grande.



## Idea inicial

A idea xurde froito do coñecemento do mercado da pedra ornamental durante a miña estancia na Asociación Galega de Graniteiros. Percibín certas debilidades nunha análise DAFO e detectei unha oportunidade.

## Principales dificultades y amenazas futuras

- O desconecemento non do sector pero si do mercado.
- Dificultade para atopar persoal cualificado.

En canto ás ameazas, a principal quizais resida na rixidez do produto para adecuarse aos gustos dos clientes finais. Tamén contemplo unha posíbel crise do sector da construción.

## Perfil promotores

O promotor é licenciado en Xeografía e diplomado en Business Administration, ademais é especialista en Comercio Exterior.

Aos trinta e cinco anos pasa a converterse en empresario dun sector que coñecía a través da súa experiencia profesional.

## Aptitudes necesarias

- Ter fe e confianza no teu proxecto, utilizando medios reais para o conducir ao maior éxito posíbel.
- Fortaleza persoal para asumir riscos, tanto controlados como incontrolados.



## Guía de Actividad

**Pequeña empresa constructora** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta  
O reto que supón  
Ser o meu propio xefe**

**A independencia que proporciona  
Gañar cartos**

## Formación

**¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Si, un MBA, cursos de Comercio Exterior, etc.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desarrollar con éxito un proxecto empresarial?**

Parcialmente si, pero o máis importante é ter madeira de empresario.

## Anecdotario

Non dispoñible

